

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA AGENCIA TURISMO DE GALICIA Y EL INSTITUTO PARA LA CALIDAD TURÍSTICA ESPAÑOLA PARA EL DESARROLLO DEL PROYECTO CORREDORES PEATONALES SEGUROS DEL CAMINOS DE SANTIAGO SOBRE A IMPLEMENTACIÓN DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN E HIGIÉNICO-SANITARIAS FRENTE AL SARS-CoV-2 EN LA CADENA DE VALOR DE LOS CAMINOS DE SANTIAGO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Instituto para la Calidad Turística Española o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto deste convenio o outorgamento dunha subvención directa ao ICTE para a definición de corredores seguros nos roteiros do Camiño de Santiago, no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia, e as recomendacións que axuden a mellorar os procesos de contención dos riscos de contaxio e as recomendacións para conseguir un grao de seguridade adecuado nos corredores tentando en todo momento que os peregrinos manteñan ou melloren os graos de satisfacción e experiencia dos servizos prestados durante a súa viaxe así como mellorar a comunicación para aumentar os graos de confianza en todo momento.

En concreto, analizaranse os distintos elementos ou áreas que conforman os corredores seguros para maior seguridade sanitaria dos peregrinos e o deseño das medidas de comunicación, planificación da implantación das mesmas así como recomendacións e alternativas nos seguintes apartados:

- Roteiros do camiño: Análise das zonas de risco ao longo do corredor peonil segundo o trazado oficial e dentro dos mesmos.



- Espazos públicos singulares: Identificación dos distintos espazos públicos singulares que interferen no trazado.
- Servizos: Análise dos riscos nos distintos servizos públicos prestados ao peregrino (oficinas de información ao peregrino, áreas de descanso, baños públicos).
- Albergues: Plan de continxencia dos aloxamentos públicos que interferen no trazado

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 1 dos seus estatutos aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Xunta de Galicia que ten como obxectivos básicos, entre outros, o desenvolvemento do turismo en Galicia de acordo aos principios de calidade, accesibilidade e sustentabilidade, seguindo parámetros de eficiencia e eficacia; así como a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da mellora de competitividade das empresas turísticas e a valorización dos recursos turísticos. Igualmente, constitúe un dos seus obxectivos a colaboración entre todos os axentes turísticos tanto no ámbito da Administración pública como no sector privado.

No artigo 9 dos citados estatutos, establécese entre as súas funcións e competencias, o exercicio das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo

Segundo.- O ICTE é unha institución española, privada, independente e sen ánimo de lucro creada polas asociacións empresariais do sector turístico, co fin de promover, estender e apoiar a difusión de sistemas de calidade específicos no ámbito turístico. Ten como obxecto fundamental o desenvolvemento de sistemas e procesos de calidade e mellora continua para o sector turístico actuando, entre outras funcións, como entidade certificadora recoñecida da marca Q Calidade Turística, cuxa administración e xestión ten encomendada de maneira exclusiva, xestionando o sistema de empresas adheridas ao uso da marca ás que prové de servizos



Terceiro.- A crise xerada pola evolución epidemiolóxica do COVID-19 provocou unha parálise total do sector turístico. As estimacións e proxeccións actuais prognostican un impacto económico especialmente intenso nuns ámbitos moi supeditados aos desprazamentos, á confianza dos mercados e cunha marcada estacionalidade.

Nos próximos meses preséntase un escenario de recuperación lento e progresivo, condicionado polas medidas de restrición de mobilidade e concentración de persoas.

En consecuencia, as necesidades e demandas no eido turístico, por mor das medidas de contención do COVID-19, mudaron profundamente.

Neste contexto, o Consello da Xunta aprobou, o pasado día 30 de abril de 2020, o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19.

O Plan recolle como medida principal da acción da Axencia Turismo de Galicia neste ano 2020 o programa Galicia, destino Seguro, establecendo a implementación dunha serie de medidas que convertan e difundan a idea de Galicia como un territorio seguro e incentiven a visita segura a Galicia.

Entre elas cabe destacar a medida 15 “deseño de accións para municipios turísticos para implementación de medidas hixiénico-sanitarias”, centrada no reforzo da coordinación municipal para impulsar a imaxe de Galicia como destino seguro en criterios hixiénico-sanitarios.

O Camiño de Santiago supón un gran valor de dimensión internacional e promoción de Galicia. Atópase asentado en gran parte do territorio e os seus valores (superación, contacto coa natureza, espazos abertos, seguridade e solidariedade) terán un gran impacto no modelo turístico futuro.

Pola súa banda o Xacobeo 2021 é un elemento de promoción nacional e internacional de extraordinaria importancia para Galicia. Pode supoñer un catalizador de oportunidades para unha recuperación transversal, tanto do turismo e da cultura, como doutras actividades económicas.

Cuarto.- Que a través deste convenio, outórgase ó ICTE unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados



na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

